

**PROPOSTA DE NOMEAMENTO NO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE FONTANEIRO NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO**

Transcorrido o prazo para a realización das alegacións á resolución da puntuación acordada á fase concurso e á vista de que non se presentaron alegacións por parte de ningún aspirante, as puntuacións definitivas quedan establecidas do seguinte xeito:

:

Aspirante	Experiencia Profesional	Outros méritos				Puntuación total
		Superación Procesos Selectivos	Cursos de formación	Coñecemento lingua galega	Titulación superior, master ou postgrao	
Juan Javier Lorenzo Cebreiro	90 ptos	4 puntos	1,8 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	97,05 puntos
Modesto Fernández González	42 ptos	4 puntos	1,2 puntos	0,75 puntos	0,5 puntos	48,45 puntos
Javier Varela Porto	0 puntos	0 puntos	0,8 puntos	0,75 puntos	0 puntos	1,55 puntos

En consecuencia, o Tribunal calificador propón o nomeamento ante a Alcaldía de Don JUAN JAVIER LORENZO CEBREIRO, como persoal laboral fixo do Concello de Salvaterra de Miño co obxecto da cobertura dunha prazas de fontaneiro.

Os interesados deben presentar, no prazo establecido ao efecto, a documentación á que se refire a base 10ª das que rexen a convocatoria.

**DÉCIMA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS**

A persoa ou persoas aspirantes propostas achegará a administración municipal, no prazo de vinte (20) días naturais, contados a partir da publicación da lista de persoas aprobadas, os documentos seguintes:

1. Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o Desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

2. Declaración de non ter sido separada mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.

3. Declaración responsable de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión. 3. Fotocopia da tarxeta sanitaria. As persoas aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado

dos órganos competentes da Administración titular da competencia nesta materia que acredite tal condición e, igualmente, deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Quen tivese a condición de funcionario público de carreira non terá que xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, únicamente deberá presentar certificación da Administración Pública da que dependese, que acredite tal condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma se deduza que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª non poderán ser nomeados persoal do Concello e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

Contra o presente acordo adoptado polos membros do tribunal poderá interpoñer recurso administrativo de alzada ante a Alcaldía do Concello de Salvaterra de Miño, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, segundo o previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente,

Firmado por LIS  
ALVAREZ RUTH BELEN  
- 53185886L el día  
21/03/2024 con un  
certificado emitido  
por AC FNMT  
Usuarios